

Orde do 27 de marzo de 2006 pola que se desenvolven os programas de promoción e divulgación do cooperativismo.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

As distintas axudas e subvencións establecidas nesta orde, intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento en materia de economía social, no que respecta á promoción das cooperativas e das súas estruturas representativas, de xeito que redunde en beneficio e mellora do eido

económico e sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos distintos programas incluídos na orde establécense axudas para o impulso de proxectos empresariais cooperativos, mesmo na fase previa a súa constitución formal, e para fomentar o acceso das cooperativas ás tecnoloxías da información e as comunicacións. Establécense, así mesmo axudas para o fomento e consolidación do asociacionismo e para a realización de actividades de promoción do cooperativismo. Foméntase especificamente o acceso dos asalariados á condición de socios traballadores para incentivar a plena integración na empresa cooperativa, así como o apoio singular ás cooperativas que desenvolven actividades no eido dos servizos sociais e da integración social, que inclúe axudas para a mellora da prestación dos servizos ou para a incorporación de profesionais cualificados.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes programas axústanse ao disposto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en especial, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de axudas públicas, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, oído o Consello Galego de Cooperativas e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPÕÑO:

Capítulo I

Finalidade, ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Finalidade.

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas e subvencións establecidas pola Consellería de Traballo, coa finalidade de promover e divulgar o cooperativismo, a través dos seguintes programas:

-Programa I: impulso de proxectos empresariais cooperativos.

-Programa II: adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

-Programa III: fomento e consolidación do asociacionismo.

-Programa IV: actividades de promoción do cooperativismo.

-Programa V: fomento do acceso á condición de socio traballador.

-Programa VI: apoio ás cooperativas prestadoras de servizos sociais e de integración social.

As bases reguladoras de cada un dos programas incorporaranse como anexo desta orde, que forma parte integrante dela.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nesta orde.

Artigo 3º.-Financiamento.

A concesión das axudas previstas nos distintos programas desta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo as aplicacións 16.04.214A 471.0, 16.04.214A 481.1 e 16.04.214A 770.0 dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega, ata un límite de 330.773 euros, 330.000 euros e 300.000 euros, respectivamente.

O crédito existente na aplicación 16.04.214A 481.1, aplicarase integramente ao programa III: fomento e consolidación do asociacionismo. Os créditos restantes aplicaranse aos demais programas previstos nesta orde.

Capítulo II

Normas comúns, solicitudes, documentación e procedemento

Artigo 4º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta orde corresponderalle ao conselleiro de Traballo.

Artigo 5º.-Solicitudes, prazo e documentación.

1. As solicitudes de axudas e subvencións recollidas nos distintos programas desta orde, deberán formalizarse por separado para cada un deles, dirixiranse á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación, xeral e específica, que se establece nos artigos 6º e 7º desta orde.

3. O prazo de presentación de solicitudes para os programas I, II, IV, V e VI rematará o 30 de xuño de 2006. O prazo de presentación de solicitudes para o programa III rematará aos corenta días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Documentación xenérica.

1. As solicitudes presentaranse segundo os modelos que figuran nos anexos desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación xeral:

-Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal do solicitante.

-Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do representante legal, de ser o caso.

-Certificación da entidade bancaria acreditativa de que o solicitante é titular da conta que indica na ficha de solicitude de transferencia bancaria.

-Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade ou proxecto, das distintas administracións públicas, así como de todas as axudas percibidas durante os tres anos anteriores sometidas ás condicións da normativa de *minimis*.

Non obstante, no suposto de entidades que soliciten máis dun programa dos previstos nesta orde, unicamente deberán xuntar un exemplar da documentación xenérica coa primeira das solicitudes presentadas, facendo constar tal circunstancia nas posteriores.

2. En todo caso, todas as solicitudes se deberán presentar acompañadas da documentación específica para o programa respectivo.

3. A presentación da solicitude de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a

Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Artigo 7º.-Documentación específica.

Ademais da documentación xeral prevista no artigo anterior, as solicitudes para acollerse aos distintos programas deberán vir acompañadas da seguinte documentación específica:

Programa I

-Memoria da actividade para a que se solicita a subvención na que consten as liñas xerais do proxecto, o resto de actividades previstas para a súa posta en marcha, a relación de promotores e o investimento previsto.

-Factura ou orzamento individualizado correspondente a cada concepto subvencionable, e cuantificada economicamente en todas as súas epígrafes, acompañada da documentación que acredite a habilitación legal e a debida cualificación para a prestación do servizo, nos termos previstos no número catro da base primeira do anexo desta orde.

-No suposto de promotores que aínda non constituísen a sociedade cooperativa, acta de designación do solicitante como beneficiario debidamente asinada polos promotores, acompañada de fotocopia compulsada dos documentos de identidade de todos eles.

-Para os promotores procedentes de empresas en proceso de reconversión, reestruturación ou peche que soliciten a subvención para a adaptación, debe acreditarse a súa procedencia nos termos previstos no número cinco da base primeira, e aportar os documentos orixinais ou copias autenticadas acreditativos dos gastos realizados, xunto coa memoria explicativa do seu carácter imprescindible.

-Nos supostos de gastos derivados da constitución da entidade, unicamente se deberá presentar os documentos orixinais, ou copias autenticadas, acreditativos dos gastos realizados.

Programa II

-Proposta das actividades de adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional dos intervinientes e un orzamento detallado cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

Programa III

-Memoria, asinada polo órgano competente, segundo modelo que figura como anexo III desta orde.

-Orzamento detallado dos gastos normais de funcionamento para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

-Proposta das actividades de promoción do cooperativismo para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, os destinatarios e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional dos intervinientes e un orzamento detallado cuantificado economicamente en todos os seus puntos, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

Programa IV

-Memoria das actividades da entidade solicitante con especial referencia ás de fomento do cooperativismo

-Proposta das actividades para as que se solicita a subvención especificando a súa finalidade, os destinatarios e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional dos intervinientes e un orzamento detallado cuantificado economicamente en todos os seus puntos, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

Programa V

Certificación dos seguintes acordos da cooperativa:

-Da asemblea xeral relativo á aprobación do plan específico de incorporación de asalariados, contendo o seu texto íntegro.

-Da asemblea xeral relativo á aprobación da contía das achegas obrigatorias dos novos socios e as condicións e prazos para o seu desembolso, nos termos previstos no artigo 59 da Lei de cooperativas de Galicia.

-Do Consello Rector relativo á admisión dos asalariados como socios e a inexistencia de impugnacións ao respecto.

Programa VI

-Memoria das actividades para as que solicita a subvención na que consten a súa necesidade e adecuación ás modalidades que se soliciten, así como o investimento previsto.

-Factura individualizada correspondente a cada concepto subvencionable, e cuantificada economicamente en todas as súas epígrafes, acompañada da documentación que acredite a habilitación legal e a debida cualificación para a prestación do servizo.

-Cando se trate da modalidade de incorporación ou contratación, o *curriculum vitae* e titulación que acredite a especial cualificación profesional.

Artigo 8º.-Instrución.

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, para que o servizo competente comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no

artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase ao interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Esta fase completárase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 9º.-Avaliación das solicitudes.

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que elevará proposta ao conselleiro de Traballo quen resolverá poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a directora xeral de Relacións Laborais, que actuará como presidenta, a subdirectora xeral de Cooperativas e Economía Social, o xefe do Servizo de Cooperativas e Economía Social, que actuarán como vogais, e un funcionario designado polo directora xeral, que actuará como secretario. A dita comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela o presidente, ou persoa na que delegue, un vogal e o secretario. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe a directora xeral de Relacións Laborais.

3. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir dos solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

4. A comisión de avaliación terá en conta como criterios de valoración para cada un dos programas os sinalados nas bases reguladoras que figuran no anexo desta orde.

Artigo 10º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización da proposta da comisión polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución debidamente motivada, que se lle deberá notificar ao interesado. As subvencións concedidas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comenará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. Unha vez notificada a resolución de concesión de subvención e previamente ao seu pagamento, o beneficiario terá que facer constar por escrito a aceptación expresa da subvención concedida.

As axudas previstas na base terceira (programa III) materializaranse a través de convenios de colaboración suscritos pola consellería con cada unha das entidades beneficiarias.

2. O pagamento efectuarase de forma nominativa e pagamento único, pola súa totalidade, a favor dos beneficiarios e logo de acreditación dos gastos realizados ou, de ser o caso, segundo se estableza no correspondente convenio de colaboración. Unicamente se aboará ata o 75% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

3. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, no prazo que sinale a notificación da resolución de concesión, da documentación xeral e da específica que corresponda, relacionada nos puntos seguintes:

a) Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión ou convenio de colaboración, de ser o caso.

b) No caso das axudas para a elaboración do plan empresarial, proxectos técnicos e estudos en xeral, deberá presentarse unha copia deles, previamente ao seu pagamento.

c) Nas axudas da base quinta (programa V) e co obxecto de acreditar o desembolso parcial da achega obrigatoria que corresponde ao socio, así como a

adquisición desta condición, deberá achegarse certificado da entidade de crédito do desembolso realizado, e certificado da cooperativa relativo ás anotacións realizadas no libro de achegas ao capital social así como no libro de socios.

d) Cando se trate das incorporacións ou contratacións de profesionais, previstas na base sexta (programa VI), achegarse certificado da inscrición no libro de socios ou copia do contrato de traballo, así como xustificante da alta na seguridade social.

4. No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Artigo 12º.-Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

O solicitante non poderá atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nesta orde.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

a) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que corres-

pondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 15º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 16º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde, na resolución de concesión e, se é o caso, nos convenios de colaboración.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde.

Segunda.-Se, unha vez adxudicadas as axudas e subvencións, resultase remanente de crédito, esta consellería reserva para si a facultade de incremen-

tar a contía das axudas previstas nesta orde, efectuar convocatorias complementarias ou reabrir o prazo de presentación de solicitudes.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2006.

Ricardo J. Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

ANEXO

Bases reguladoras dos programas de promoción e divulgación do cooperativismo

Base primeira.-Programa I: impulso de proxectos empresariais cooperativos.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade esencial fomentar e promover o cooperativismo no ámbito da comunidade autónoma, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais que se articulen baixo a fórmula cooperativa, tanto para aqueles que sexan de nova creación como para os xerados polas entidades existentes.

Procúrase, así mesmo, facilitar a incorporación de socios traballadores procedentes de procesos de reestruturación, reconversión ou peche de empresas, aos devanditos proxectos.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste programa, os promotores de proxectos cooperativos que realicen as actividades obxecto da axuda desde o 1 de xullo de 2005 ata o 15 de novembro de 2006. Unicamente se poderá presentar unha solicitude por cada proxecto empresarial.

Consideraranse como promotores para efectos desta orde, as persoas físicas ou xurídicas que promovan a constitución dunha cooperativa para incorporarse como socios de pleno dereito, ou as cooperativas que acometan novos proxectos empresariais.

No caso de procesos previos á constitución da cooperativa, os promotores deberán designar de entre eles ao que ostente a representación conxunta e teña a consideración de beneficiario para efectos da tramitación da axuda.

3. Modalidades e contía das axudas.

Poderán ser obxecto de subvención ata o 75% dos gastos ocasionados con motivo de:

a) Realización de actividades previas ao inicio da actividade, tales como asistencias técnicas para a orientación e acompañamento do proxecto e accións formativas e informativas dos promotores, ata un límite de 1.000 euros por promotor.

b) Asistencia técnica consistente na elaboración de estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, auditorías e outros informes económicos, ata un máximo de 2.000 euros por proxecto.

c) Elaboración de proxectos técnicos legalmente preceptivos ata un máximo de 2.000 euros por proxecto.

d) Asistencia técnica para a elaboración do Plan empresarial da cooperativa, así como do seu seguimento e asesoramento na execución, ata un máximo de 10.000 euros por proxecto.

e) Asesoramento para a elaboración dos estatutos sociais, formalización e inscrición da escritura pública e demais trámites derivados do proceso de constitución da cooperativa ata un máximo de 2.000 euros.

4. Requisitos para a prestación da asistencia técnica:

A asistencia técnica poderá ser prestada por asociacións de cooperativas, persoas físicas e outras entidades, que acrediten a súa solvencia profesional por medio do cumprimento de cada un dos seguintes requisitos:

-Experiencia en asesoramento empresarial a cooperativas, indicando os principais servizos realizados nos últimos tres anos.

-Titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo. No caso de persoas xurídicas, o posuídor da titulación deberá acreditar o seu vínculo coa entidade.

-Exercer a actividade de asesoramento empresarial con carácter principal.

5. Promotores procedentes de reconversión, reestruturación ou peche de empresas.

Cando se trate de promotores de proxectos empresariais cooperativos procedentes de procesos de reconversión, reestruturación ou peche de empresas, tamén poden ser obxecto de subvención ata o 75% dos gastos en que incorran para a súa adaptación ás características do novo proxecto empresarial, derivados da mobilidade xeográfica ou funcional, da incorporación a novos procesos e tecnoloxías, ou do cambio de estrutura xurídica empresarial, ata un máximo de 2.000 euros por promotor.

Para acceder a esta modalidade, deberá acreditarse que os promotores están desempregados por algunha das causas previstas nos artigos 49.1º g)

50, 51 e 52 b) e c) do Estatuto dos traballadores, ou que procedan de empresas inmersas nalgún outro proceso de reestruturación ou reconversión.

6. Contía máxima.

A contía máxima subvencionable por proxecto non poderá superar os 50.000 euros.

7. Criterios de avaliación.

Para a concesión das axudas, terase en conta os seguintes criterios de valoración ordenados segundo a súa importancia:

1º Polo número de traballadores afectados pola iniciativa obxecto da axuda e a viabilidade do proxecto ou plan empresarial, tanto no campo socio-laboral como no económico, ata un máximo de 30 puntos.

2º Pola súa influencia no ámbito territorial e funcional no que se vai desenvolver, ata un máximo de 25 puntos.

3º Para os supostos previstos nas letras a), b) e d), do número 3, polo nivel de solvencia da prestación das actividades, particularmente a súa realización baixo a dirección de asociacións de cooperativas debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas, ata un máximo de 20 puntos.

No caso de que aplicados os criterios anteriores resultase empate na puntuación, este resolverase aplicando en primeiro lugar a data de presentación de solicitudes e, de resultar coincidente, a data de inscrición no rexistro de cooperativas.

Base segunda.-Programa II: adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade apoiar a incorporación das cooperativas ás tecnoloxías da información e as comunicacións, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a desenvolvemento dos procesos de adaptación necesarios.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as sociedades cooperativas legalmente constituídas e inscritas nos rexistros de cooperativas dependentes da Xunta de Galicia, que realicen as devanditas actividades desde o 1 de xullo de 2005 ata o 15 de novembro de 2006.

3. Contía das axudas.

Poderán ser obxecto de subvención os programas de adaptación as tecnoloxías da información e comunicacións, que contemplan algunha das seguintes actuacións:

-Elaboración da paxina web da entidade cooperativa e a súa incorporación a redes informáticas.

-Implantación de sistemas telemáticos para a xestión empresarial e comercio electrónico.

A contía das axudas previstas neste programa non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 6.000 euros por beneficiario.

4. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas será proposta pola comisión de avaliación en función dos seguintes criterios ordenados segundo a súa importancia:

1º Polo carácter integral do proxecto presentado que fomente a inmersión da cooperativa nas tecnoloxías indicadas, ata un máximo de 30 puntos.

2º Polo feito que se contemple no proxecto a elaboración de páxina web e a incorporación a redes informáticas, ata un máximo de 25 puntos.

3º Polo establecemento de canles áxiles e estables de comunicación interna cos socios da cooperativa, ata un máximo de 20 puntos.

4º Pola adecuación dos medios previstos aos obxectivos propostos, ata un máximo de 15 puntos.

No caso de que aplicados os criterios anteriores resultase empate na puntuación, este resolverase aplicando en primeiro lugar a data de presentación de solicitudes e, de resultar coincidente, a data de inscrición no rexistro de cooperativas.

Base terceira.-Programa III: fomento e consolidación do asociacionismo.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade apoiar o fomento e consolidación das estruturas representativas do cooperativismo, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo, durante o ano 2006.

Para estes efectos, pódense considerar como gastos normais de funcionamento:

-Alugueres e gastos de mantemento de locais e equipamentos.

-Gastos de persoal.

-Gastos de comunicacións (teléfono, internet, correo, mensaxaría e similares), material de oficina, e publicacións diversas.

-Mantemento da páxina web da asociación.

-Cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade Autónoma Galega.

-Gastos de representación e participación en congresos, seminarios, xornadas e similares.

-Celebración de asembleas e reunións.

-Servizos profesionais.

Poderanse considerar como actividades de promoción do cooperativismo, aquelas dirixidas á realización de procesos formativos de titores, especia-

lizados no asesoramento e acompañamento de proxectos cooperativos, así como as previstas na base IV deste anexo.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo.

3. Contía e criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas para gastos normais de funcionamento, serán fixados en función da representatividade que teñan as asociacións solicitantes, en primeiro lugar, e tendo en conta os niveis de actividade que desenvolvan, en segundo lugar, de acordo cos seguinte baremo:

1º Por contar con representación no Consello Galego de Cooperativas, 10 puntos.

2º Polo número de socios directos, segundo os datos que constan no Rexistro Central de Cooperativas: 1 punto por cada socio.

Neste suposto, se o socio directo é unha cooperativa de segundo grao, computaranse as cooperativas integradas a través dela sempre e cando non estean asociadas directamente.

3º Polo nivel de actividade da asociación outorgarase:

- 8 puntos por cada local en funcionamento.
- 4 puntos por cada traballador.
- 4 puntos pola existencia de páxina web operativa.

Para as actividades de promoción do cooperativismo terase en conta o previsto na base cuarta deste anexo.

Base cuarta.-Programa IV: actividades de promoción do cooperativismo.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades para o fomento do cooperativismo, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as sociedades cooperativas, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros de cooperativas dependentes da Xunta de Galicia, que realicen as devanditas actividades desde o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro do ano 2006.

3. Modalidades e contía das axudas.

As actividades obxecto de subvención poderán consistir na organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios; na elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; na elabo-

ración de proxectos de intercooperación e integración; na asistencia a feiras, mostras e congresos, así como calquera outra acción promocional que fomenta o cooperativismo.

A contía das axudas previstas neste programa non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización.

4. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas será proposta pola comisión de avaliación en función dos seguintes criterios ordenados segundo a súa importancia:

1º Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos.

2º Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata un máximo de 25 puntos.

3º Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e cumprimento dos compromisos derivados de actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 20 puntos.

4º Pola, adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado, ata un máximo de 15 puntos.

No caso de que aplicados os criterios anteriores, resultase empate na puntuación, este resolverase, aplicando en primeiro lugar a data de presentación de solicitudes e, de resultar coincidente, a data de inscrición no rexistro de cooperativas.

Base quinta.-Programa V: fomento do acceso á condición de socio traballador.

1. Finalidade.

Este programa ten como obxectivo o fomento do acceso dos asalariados das sociedades cooperativas á condición de socios, como xeito de promocionar o cooperativismo facilitando a súa participación e plena integración na empresa, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que o traballador debe desembolsar para incorporarse como socio.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as sociedades cooperativas, e a través delas os seus asalariados, sempre que estes se incorporen como socios no período comprendido entre o 1 de xullo de 2005 e o 15 de novembro de 2006.

Será necesario, así mesmo, establecer un plan específico que contemple medidas que aseguren tanto a progresiva incorporación dos asalariados á condición de socios, como o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, respecto aos topes máximos de traballadores por conta allea.

O importe das axudas será recoñecido como achegas obrigatorias desembolsadas do novo socio ao capital social e non poderá ser obxecto de reembolso nin transmisión por actos inter vivos, durante un período mínimo de cinco anos. Non obstante, o socio que cause baixa obrigatoria poderá transmitir a súa achega a favor da persoa que se incorpore para substituílo nas mesmas condicións e ata o final do referido período, como mínimo.

3. Contía das axudas.

A contía das axudas será de ata 5.000 euros por socio, sen que en ningún caso exceda o 75% da achega que cada novo socio deba desembolsar, cun tope máximo subvencionable de 10 socios traballadores por cooperativa.

4. Criterios de avaliación.

Como criterios de avaliación de solicitudes teranse en conta os indicados no número sete da base primeira.

Base sexta.-Programa VI: apoio ás cooperativas prestadoras de servizos sociais e de integración social.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade promover a prestación de servizos de natureza social baixo a fórmula cooperativa en Galicia, mediante a concesión de axudas económicas que faciliten o desenvolvemento e mellora dos proxectos empresariais novos ou en curso.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste programa, as cooperativas de servizos sociais e de integración social, debidamente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia. Tamén poderán ser beneficiarias aquelas cooperativas de calquera clase que realicen as súas actividades no eido dos servizos sociais, así como as cooperativas de segundo grao e outras formas de colaboración económica que poidan establecerse entre cooperativas.

3. Modalidades e contía das axudas.

Poderán ser obxecto de subvención ata o 75% dos gastos ocasionados con motivo de:

a) Implantación de procesos e sistemas de xestión da calidade, así como a realización de actividades formativas dirixidas aos socios e traballadores nas áreas directamente relacionadas coa prestación dos seus servizos profesionais e coa xestión empresarial cooperativa, ata un límite de 10.000 euros por cooperativa.

b) Incorporación como socios ou contratación de traballadores sociais, psicólogos e outros profesionais de especial cualificación que resulten necesarios para a viabilidade da empresa e unha adecuada prestación do servizo. A subvención acadará un período máximo dun ano, deberá respectar o disposto para a contratación de asalariados pola legis-

lación vixente de cooperativas, de ser o caso, e non poderá superar a contía de 20.000 euros por cooperativa. A solicitude deberá presentarse con anterioridade á incorporación ou contratación.

c) Adquisición dos medios materiais que resulten necesarios para a prestación do servizo e redunden directamente na mellora da súa calidade, ata un máximo de 15.000 euros por cooperativa.

d) Organización de programas novidosos e de prestacións e servizos adicionais de proximidade, que complementen e melloren o servizo prestado pola cooperativa aos usuarios, ata un máximo de 15.000 euros por cooperativa.

4. Requisitos para a incorporación de profesionais e para a prestación de servizos:

Debe garantirse a cualificación e solvencia profesional, tanto do persoal incorporado como dos servizos prestados, de ser o caso, acreditando os seguintes requisitos:

-Titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo.

-No caso de contratación de servizos externos, a persoa ou entidade contratada deberá exercer a actividade con carácter principal, indicando os principais servizos realizados nos últimos tres anos. Tratándose de persoas xurídicas, o posuidor da titulación deberá acreditar o seu vínculo coa entidade.

5. Contía máxima.

A contía máxima subvencionable neste programa non poderá superar os 50.000 euros por cooperativa. Se o beneficiario é unha cooperativa de segundo grao ou algunha outra forma de colaboración económica, esta contía multiplicarase polo número de cooperativas agrupadas directamente afectadas, ata un máximo de 150.000 euros.

6. Criterios de avaliación.

Para a concesión das axudas, terase en conta os seguintes criterios de avaliación ordenados segundo a súa importancia:

1º Polo número de traballadores afectados pola iniciativa obxecto da axuda e a viabilidade do proxecto, tanto no campo sociolaboral como no económico, ata un máximo de 30 puntos.

2º Pola súa influencia social no ámbito territorial e funcional no que se vai desenvolver, en especial a súa localización en zonas rurais e do interior de Galicia, ata un máximo de 25 puntos.

3º Pola a súa incidencia na formación integral cooperativa dos socios e a súa vinculación co lanzamento de novos programas e actividades, ata un máximo de 20 puntos.

No caso de que aplicados os criterios anteriores, resultase empate na puntuación, este resolverase, aplicando en primeiro lugar a data de presentación de solicitudes e, de resultar coincidente, a data de inscrición no Rexistro de Cooperativas.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO COOPERATIVISMO: (INDICAR CUN "X" A QUE SOLICITA) <input type="checkbox"/> PROGRAMA I: IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS..... <input type="checkbox"/> PROGRAMA II: ADAPTACIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E ÁS COMUNICACIÓNS..... <input type="checkbox"/> PROGRAMA III: FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ASOCIACIONISMO <input type="checkbox"/> PROGRAMA IV: ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO..... <input type="checkbox"/> PROGRAMA V: FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓ DE SOCIO TRABALLADOR..... <input type="checkbox"/> PROGRAMA VI: APOIO ÁS COOPERATIVAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS E DE INTEGRACIÓN SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR807D TR802G TR802H TR802I TR802J TR802K	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E RAZON SOCIAL		DNI / NIF	
ENDEREZO (SERÁ USADO PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS)			
RÚA OU PRAZA		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
REXISTRO ONDE FIGURA INSCRITA A ENTIDADE	DATA INSCRICIÓN	Nº REXISTRO	

E, na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO NA ENTIDADE		

DECLARA QUE:

- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades sinaladas no artigo 12 da orde de convocatoria.
- Comunicaranlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo beneficiario e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público nacional ou internacional.
- Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que vai efectuar a Consellería de Traballo ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, a subvención indicada na parte superior.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 27 de marzo de 2006 pola que se desenvolven os programas de promoción e divulgación do cooperativismo.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO COOPERATIVISMO

EXP. Nº

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (INDÍQUESE CUN "X" A QUE SE PRESENTA)

1. DOCUMENTACIÓN XERAL (ARTIGO 6):

- FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA ACREDITATIVA DO NIF DO SOLICITANTE.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL, SE É O CASO.
- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA QUE INDICA NA FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE OU PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, ASÍ COMO DE TODAS AS AXUDAS PERCIBIDAS DURANTE OS TRES ANOS ANTERIORES SOMETIDAS ÁS CONDICIÓNS DA NORMATIVA DE MINIMIS.

2. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA (ARTIGO 7):

PROGRAMA I: IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS.

- MEMORIA DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA NA QUE CONSTEN AS LIÑAS XERAIS DO PROXECTO, O RESTO DE ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A SÚA POSTA EN MARCHA, E O INVESTIMENTO PREVISTO.
- FACTURA INDIVIDUALIZADA CORRESPONDENTE A CADA CONCEPTO SUBVENCIONABLE, E CUANTIFICADA ECONOMICAMENTE EN TODAS AS SÚAS EPÍGRAFES, ACOMPAÑADA DA DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A HABILITACIÓN LEGAL E DEBIDA CUALIFICACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO, NOS TERMOS PREVISTOS NO Nº 4 DA BASE PRIMEIRA.
- NO CASO DE PROMOTORES QUE AÍNDA NON CONSTITUÍSEN A SOCIEDADE COOPERATIVA, ACTA DE DESIGNACIÓN DO SOLICITANTE COMO BENEFICIARIO DEBIDAMENTE ASINADA POLOS PROMOTORES, ACOMPAÑADA DE FOTOCOPIA COMPULSADA DOS DNI DE TODOS ELES.
- PARA OS PROMOTORES PROCEDENTES DE EMPRESAS EN PROCESO DE RECONVERSIÓN, REESTRUTURACIÓN OU PECHE QUE SOLICITEN A SUBVENCIÓN PARA A ADAPTACIÓN, DEBE ACREDITARSE A SÚA PROCEDENCIA NOS TERMOS PREVISTOS NO NÚMERO 5 DA BASE PRIMEIRA. E ACHEGAR OS DOCUMENTOS ORIXINAIS OU COPIAS AUTENTICADAS, DOS GASTOS REALIZADOS XUNTO COA MEMORIA EXPLICATIVA DO SEU CARÁCTER IMPRESCINDIBLE.
- DOCUMENTOS ORIXINAIS OU COPIAS AUTENTICADAS ACREDITATIVOS DOS GASTOS REALIZADOS NO SUPOSTO DOS GASTOS DE CONSTITUCIÓN Á ENTIDADE.

PROGRAMA II: ADAPTACIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E ÁS COMUNICACIÓNS.

- PROPOSTA DAS ACTIVIDADES DE ADAPTACIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E ÁS COMUNICACIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN ESPECIFICANDO A SÚA FINALIDADE, OS MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA REALIZACIÓN ASÍ COMO INFORME RELATIVO A CAPACIDADE PROFESIONAL DOS INTERVENIENTES E UN ORZAMENTO DETALLADO CUANTIFICADO ECONOMICAMENTE EN TODAS AS SÚAS PARTES QUE CONCRETE A ACHEGA QUE REALIZARÁ A ENTIDADE SOLICITANTE NO SEU FINANCIAMENTO.

PROGRAMA III: FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ASOCIACIONISMO.

- MEMORIA, ASINADA POLO ÓRGANO COMPETENTE, SEGUNDO O MODELO QUE FIGURA COMO ANEXO III A ESTA ORDE.
- ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN, CUANTIFICADA ECONOMICAMENTE EN TODOS OS SEUS PUNTOS.
- PROPOSTA DAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN ESPECIFICANDO A SÚA FINALIDADE, OS DESTINATARIOS E OS MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA REALIZACIÓN, ASÍ COMO INFORME RELATIVO A CAPACIDADE PROFESIONAL DOS INTERVENIENTES E UN ORZAMENTO DETALLADO CUANTIFICADO ECONOMICAMENTE EN TODAS AS SÚAS PARTES QUE CONCRETE A ACHEGA QUE REALIZARÁ A ENTIDADE SOLICITANTE NO SEU FINANCIAMENTO.

PROGRAMA IV: ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO.

- MEMORIA DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE SOLICITANTE CON ESPECIAL REFERENCIA ÁS DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO.
- PROPOSTA DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN ESPECIFICANDO A SÚA FINALIDADE, OS DESTINATARIOS E OS MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA REALIZACIÓN, ASÍ COMO INFORME RELATIVO A CAPACIDADE PROFESIONAL DOS INTERVENIENTES E UN ORZAMENTO DETALLADO CUANTIFICADO ECONOMICAMENTE EN TODAS AS SÚAS PARTES QUE CONCRETE A ACHEGA QUE REALIZARÁ A ENTIDADE SOLICITANTE NO SEU FINANCIAMENTO.

PROGRAMA V: FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓNS DE SOCIO TRABALLADOR.

- CERTIFICACIÓN DA ASEMBLEA XERAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO DE INCORPORACIÓN DE ASALARIADOS, QUE CONTEÑA O SEU TEXTO ÍNTEGRO.
- CERTIFICACIÓN DA ASEMBLEA XERAL RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONTÍA DAS ACHEGAS OBRIGATORIAS DOS NOVOS SOCIOS E AS CONDICIÓNS E PRAZOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, NOS TERMOS PREVISTOS NO ARTIGO 59 DA LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA.
- CERTIFICACIÓN DO CONSELLO REITOR RELATIVA Á ADMISIÓN DOS ASALARIADOS COMO SOCIOS E A INEXISTENCIA DE IMPUGNACIÓNS AO RESPECTO.

PROGRAMA VI: APOIO ÁS COOPERATIVAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS E DE INTEGRACIÓN SOCIAL.

- MEMORIA DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN NA QUE CONSTE A SÚA NECESIDADE E A ADECUACIÓN ÁS MODALIDADES QUE SE SOLICITEN, ASÍ COMO O INVESTIMENTO PREVISTO.
- FACTURA INDIVIDUALIZADA CORRESPONDENTE A CADA CONCEPTO SUBVENCIONABLE, E CUANTIFICADA ECONOMICAMENTE EN TODAS AS SÚAS EPÍGRAFES, ACOMPAÑADA DA DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A HABILITACIÓN LEGAL E A DEBIDA CUALIFICACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.
- CANDO SE TRATE DA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN OU CONTRATACIÓN, O *CURRICULUM VITAE* E TITULACIÓN QUE ACREDITE A ESPECIAL CUALIFICACIÓN.

- A DOCUMENTACIÓN EXIXIDA TEN QUE PRESENTARSE XUNTO COA SOLICITUDE.
- CANDO SE SOLICITEN DOUS OU MÁIS TIPOS DE AXUDA SÓ SERÁ NECESARIO PRESENTAR UNHA VEZ A DOCUMENTACIÓN XERAL INDICÁNDOO NA SOLICITUDE. DEBEN IDENTIFICARSE CON CLARIDADE OS TIPOS DE AXUDA QUE SE SOLICITAN, MARCÁNDOAS CUN "X" NO PRIMEIRO RECADRO DO MODELO DA SOLICITUDE.
- O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES PARA OS PROGRAMAS I, II, IV, V E VI REMATARÁ O 30 DE XUÑO DE 2006.
- O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES PARA O PROGRAMA III FINALIZARÁ AOS CORENTA DÍAS HÁBILES CONTADOS A PARTIR DO DÍA SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DESTA ORDE NO DOG.